# 3

# Emprego

O estudio do mercado de traballo na área funcional de A Coruña que se realiza a continuación, está dividido en dous grandes apartados. En primeiro lugar analízase o mercado de traballo considerando os datos propios recollidos tanto no Censo de Poboación e Vivendas 2001, que contén datos da distribución da poboación en vivendas familiares de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica (poboación activa, poboación inactiva, poboación ocupada e parada, taxas de ocupación, paro e actividade), como no Informe do mercado laboral do Instituto Galego das Cualificacións.

## Mercado de traballo

A análise do mercado de traballo realízase a partir da información recollida no Censo de Poboación e Vivendas 2001 publicado polo IGE, así como do Informe sobre o mercado laboral elaborado polo Instituto Galego das Cualificacións. En primeiro lugar preséntanse os datos da taxa de actividade, taxa de ocupación e poboación ocupada e taxa de paro correspondentes ao ano 2001, para posteriormente analizar os datos do nomeado informe do mercado laboral para as comarcas da área funcional de A Coruña no ano 2007.

### • Actividade e ocupación

Atendendo aos datos do Censo de Poboación e Vivendas de 2001, a poboación en vivendas familiares maior de 16 anos na área funcional de A Coruña ascendeu a 445.365 (o 46,7% do total da provincia de A Coruña e o 19,1% do total galego), das que 234.558 persoas eran mulleres e 210.807 homes .

A poboación activa na área funcional de A Coruña, ascendeu, no ano 2001, a 234.628 persoas, das que 205.502 están ocupadas e 29.126 son persoas desempregadas (**cadro 3.1.**). Atendendo á distribución segundo sexos, o **cadro 3.2.** amosa que o 58,8% da poboación ocupada total da área funcional son homes, sendo esta porcentaxe do 45,2% no caso da poboación parada

Tendo en conta a relación entre a poboación activa e ocupada coa poboación maior de 16 anos, así como a relación entre a poboación parada e a activa, o **cadro 3.3.** reflicte, por unha banda que no caso da área funcional de A Coruña, as taxas de actividade e ocupación son superiores ás rexistradas tanto no conxunto de Galicia como na provincia de A Coruña, tanto no caso dos homes como das mulle-

***Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo a súa relación coa actividade económica***

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Bergantiños | | |
| **Poboación maior de 16 anos** | 445.365 | 310.361 | 34.331 | 21.267 | 18.300 | 61.106 | 952.816 | 2.334.674 |
| **Poboación Activa** | 234.628 | 169.589 | 16.233 | 9.576 | 8.488 | 30.742 | 485.754 | 1.183.150 |
| **Pob. ocupada** | 205.502 | 147.138 | 14.568 | 8.526 | 7.546 | 27.724 | 424.910 | 1.035.178 |
| **Pob. parada** | 29.126 | 22.451 | 1.665 | 1.050 | 942 | 3.018 | 60.844 | 147.972 |
| **Na procura do 1º emprego** | 6.304 | 4.863 | 391 | 298 | 314 | 438 | 14.441 | 32.070 |
| **Xa traballou antes** | 22.822 | 17.588 | 1.274 | 752 | 628 | 2.580 | 46.403 | 115.902 |
| **Poboación Inactiva** | 210.737 | 140.772 | 18.098 | 11.691 | 9.812 | 30.364 | 467.062 | 1.151.524 |
| **Xubilado** | 72.200 | 44.496 | 8.681 | 3.798 | 3.648 | 11.577 | 165.295 | 450.591 |
| **Pensionista** | 31.143 | 20.467 | 2.429 | 1.950 | 1.512 | 4.785 | 68.058 | 157.000 |
| **Estudiante** | 41.608 | 31.430 | 2.423 | 1.839 | 1.536 | 4.380 | 89.727 | 212.725 |
| **Tarefas fogar** | 53.264 | 35.988 | 3.968 | 3.447 | 2.311 | 7.550 | 117.813 | 273.031 |
| **Outras** | 12.522 | 8.391 | 597 | 657 | 805 | 2.072 | 26.169 | 58.177 |

Fonte: *IGE, Censo de poboación e vivendas 2001*

**Cadro 3.1.**

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica*

## Homes

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Bergantiños | | |
| **Poboación maior de 16 anos** | 210.807 | 145.384 | 16.575 | 10.328 | 8.846 | 29.674 | 452.591 | 1.110.986 |
| **Poboación Activa** | 134.097 | 94.056 | 9.819 | 6.320 | 5.215 | 18.687 | 282.388 | 689.617 |
| **Pob. ocupada** | 120.927 | 84.283 | 9.012 | 5.791 | 4.766 | 17.075 | 254.469 | 621.076 |
| **Pob. parada** | 13.170 | 9.773 | 807 | 529 | 449 | 1.612 | 27.919 | 68.541 |
| **Na procura do 1º emprego** | 2.404 | 1.908 | 139 | 95 | 72 | 190 | 5.436 | 12.203 |
| **Xa traballou antes** | 10.766 | 7.865 | 668 | 434 | 377 | 1.422 | 22.483 | 56.338 |
| **Poboación Inactiva** | 76.710 | 51.328 | 6.756 | 4.008 | 3.631 | 10.987 | 170.203 | 421.369 |
| **Xubilado** | 42.997 | 27.256 | 4.562 | 2.349 | 2.086 | 6.744 | 97.719 | 250.547 |
| **Pensionista** | 7.562 | 4.447 | 764 | 554 | 421 | 1.376 | 17.426 | 41.485 |
| **Estudiante** | 19.176 | 14.907 | 1.062 | 777 | 609 | 1.821 | 40.683 | 95.387 |
| **Tarefas fogar** | 1.025 | 700 | 47 | 42 | 96 | 140 | 2.055 | 5.125 |
| **Outras** | 5.950 | 4.018 | 321 | 286 | 419 | 906 | 12.320 | 28.825 |

## Mulleres

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Bergantiños | | |
| **Poboación maior de 16 anos** | 234.558 | 164.977 | 17.756 | 10.939 | 9.454 | 31.432 | 500.225 | 1.223.688 |
| **Poboación Activa** | 100.531 | 75.533 | 6.414 | 3.256 | 3.273 | 12.055 | 203.366 | 493.533 |
| **Pob. ocupada** | 84.575 | 62.855 | 5.556 | 2.735 | 2.780 | 10.649 | 170.441 | 414.102 |
| **Pob. parada** | 15.956 | 12.678 | 858 | 521 | 493 | 1.406 | 32.925 | 79.431 |
| **Na procura do 1º emprego** | 3.900 | 2.955 | 252 | 203 | 242 | 248 | 9.005 | 19.867 |
| **Xa traballou antes** | 12.056 | 9.723 | 606 | 318 | 251 | 1.158 | 23.920 | 59.564 |
| **Poboación Inactiva** | 134.027 | 89.444 | 11.342 | 7.683 | 6.181 | 19.377 | 296.859 | 730.155 |
| **Xubilado** | 29.203 | 17.240 | 4.119 | 1.449 | 1.562 | 4.833 | 67.576 | 200.044 |
| **Pensionista** | 23.581 | 16.020 | 1.665 | 1.396 | 1.091 | 3.409 | 50.632 | 115.515 |
| **Estudiante** | 22.432 | 16.523 | 1.361 | 1.062 | 927 | 2.559 | 49.044 | 117.338 |
| **Tarefas fogar** | 52.239 | 35.288 | 3.921 | 3.405 | 2.215 | 7.410 | 115.758 | 267.906 |
| **Outras** | 6.572 | 4.373 | 276 | 371 | 386 | 1.166 | 13.849 | 29.352 |

Fonte: *IGE, Censo de poboación e vivendas 2001*

**Cadro 3.2.**

res, acadándose na presente área funcional unha taxa de actividade do 52,7% e unha taxa de ocupación do 46,1%. No que respecta ás taxas de paro para o conxunto da área funcional, estas sitúanse na media provincial e galega, salvo no caso da taxa de paro feminina que é para o conxunto da área funcional, lixeiramente inferior á media.

Por outra banda, atendendo á distribución segundo sexo, ao igual que acontece para o conxunto de Galicia, dentro da área funcional existe unha diferenza entre as taxas de ocupación e actividade masculina e feminina entorno aos vinte puntos, sendo a taxa de desemprego 6,05 puntos porcentuais superior no caso das mulleres, un diferencial aproximadamente igual ao existente no conxunto de Galicia, onde a taxa de paro feminino é 6,2 puntos porcentuais superior á masculina, así como ao diferencial existente na provincia de A Coruña (6,3 puntos porcentuais).

No que respecta á poboación ocupada, os xa citados **cadros 3.1.** e **3.2.**, amosan que dos 205.502 ocupados na área funcional de A Coruña, 120.927 persoas son homes (o 58,8%), e 84.575 son mulleres (o 41,2%).

Atendendo á **distribución sectorial** das persoas ocupadas dentro da área funcional, en base aos datos proporcionados polo Censo de Poboación e Vivendas 2001, destacar que, tal como se mostra no **cadro 3.4.**, o 63,8% das persoas ocupadas na área funcional de A Coruña traballan no sector servizos (131.129 ocupados), sendo o segundo sector en volume de ocupación a industria que acolle ao 17,4% dos ocupados totais da área funcional (35.676 persoas), fronte ás porcentaxes de ocupación deste sector no conxunto de Galicia (18,8%). O sector da construción acolle ao 12,3% da ocupación total da área funcional (25.255 persoas), o sector da agricultura acolle un 4,4% da ocupación total (8.866 ocupados) e finalmente o 2,2% restante está ocupado no sector pesqueiro (4.576 persoas).

Comparando co total galego, cómpre salienta-la elevada importancia relativa do sector servizos (63,8% fronte ao 58,2% de peso relativo na economía galega), así como o menor peso relativo dos sectores agrícola e pesqueiro (4,4% e 2,2% fronte aos 7,5% e 3,4% en Galicia).

Atendendo á **distribución comarcal**, o citado **cadro 3.4.** reflicte, no que respecta á comarca de A Coruña, e en comparación coas porcentaxes de ocupación por sectores na provincia de A Coruña e no conxunto de Galicia, como o peso relativo da poboación ocupada no sector servizos (72,3% da poboación ocupada total na comarca), é moi superior ao que existe no conxunto de Galicia e na provincia de A Coruña por debaixo do 60% nos dous casos, sen embargo, o peso da ocupación nos sectores da industria e da construción na comarca de A Coruña (16% e 9,1% respectivamente da ocupación comarcal total) é inferior á ocupación provincial e galega nos sectores citados. No que respecta á comarca de Terra de Soneira, destacan as maiores porcentaxes de ocupación dos sectores pesca (14,8%), e construción (22,3%), en relación ás porcentaxes de ocupación medias por sectores existente en Galicia e na provincia de A Coruña.

Asemade, tal como se recolle nos **anexos 3.1.** ata **3.5.**, se a análise se fai a nivel municipal, observamos como, salvo nos concellos de Irixoa e Vilasantar, na comarca de Betanzos, onde a maior porcentaxe de ocupación está no sector agrícola (38,1% e 40,3% respectivamente), nos 33 concellos restantes da área funcional de A Coruña, as maiores porcentaxes de ocupación danse no sector servizos, destacando os concellos da comarca de A Coruña, en concreto o concello de A Coruña (77,4% do total de poboación ocupada) e Oleiros (72,8% da poboación ocupada total), así como o concello de Corcubión, na comarca de Fisterra (71,6%). O segundo sector en importancia en porcentaxe de ocupación nos concellos anteriormente sinalados que tiñan como primeiro sector en ocupación ao agrícola, é o sector servizos, nos restantes 33 concellos  obsérvase diferenzas, así, en 18 concellos o segundo sector en ocupación é o industrial (Carballo, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Betanzos, Coirós, Curtis, Miño, Cee, e os nove concellos da comarca de A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada), en 5 concellos da área funcional o segundo sector en ocupación é o agrícola ( Aranga, Cesuras, Oza de Ríos, Paderne e Vilamaior,), en oito concellos o segundo sector

*Taxas de actividade, ocupación e paro 2001: distribución segundo sexo*

| | Total | | | Homes | | | Mulleres | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Taxa de actividade | Taxa de ocupación | Taxa de paro | Taxa de actividade | Taxa de ocupación | Taxa de paro | Taxa de actividade | Taxa de ocupación | Taxa de paro |
| | | (%) | | | (%) | | | (%) | |
| **A Coruña** | 54,6 | 47,4 | 13,2 | 64,7 | 58,0 | 10,4 | 45,8 | 38,1 | 16,8 |
| Abegondo | 48,8 | 42,7 | 12,5 | 57,6 | 53,2 | 7,6 | 40,2 | 32,4 | 19,4 |
| Arteixo | 60,9 | 53,1 | 12,8 | 72,9 | 66,2 | 9,2 | 49,2 | 40,3 | 18,1 |
| Bergondo | 49,5 | 43,8 | 11,4 | 60,4 | 55,2 | 8,5 | 39,1 | 33,0 | 15,5 |
| Cambre | 61,0 | 54,2 | 11,1 | 72,3 | 67,2 | 7,0 | 50,3 | 41,9 | 16,6 |
| Carral | 49,1 | 44,7 | 8,9 | 63,0 | 58,4 | 7,2 | 35,9 | 31,7 | 11,7 |
| A Coruña | 53,4 | 46,0 | 13,9 | 62,8 | 55,6 | 11,5 | 45,4 | 37,8 | 16,8 |
| Culleredo | 60,7 | 53,7 | 11,5 | 72,0 | 66,3 | 8,0 | 50,0 | 41,9 | 16,3 |
| Oleiros | 56,6 | 49,7 | 12,2 | 66,6 | 60,4 | 9,3 | 47,3 | 39,7 | 16,0 |
| Sada | 50,4 | 44,0 | 12,8 | 62,3 | 56,3 | 9,5 | 39,3 | 32,3 | 17,8 |
| **Betanzos** | 47,3 | 42,4 | 10,3 | 59,2 | 54,4 | 8,2 | 36,1 | 31,3 | 13,4 |
| Aranga | 41,0 | 37,6 | 8,3 | 53,2 | 49,3 | 7,3 | 28,6 | 25,7 | 10,0 |
| Betanzos | 53,1 | 47,6 | 10,3 | 65,9 | 61,1 | 7,2 | 41,6 | 35,5 | 14,7 |
| Cesuras | 39,9 | 35,4 | 11,2 | 52,4 | 46,4 | 11,3 | 27,7 | 24,7 | 10,9 |
| Coirós | 47,6 | 41,7 | 12,5 | 56,2 | 51,7 | 7,9 | 39,5 | 32,1 | 18,6 |
| Curtis | 46,2 | 42,6 | 7,7 | 60,1 | 56,4 | 6,3 | 33,0 | 29,7 | 10,1 |
| Irixoa | 41,3 | 36,7 | 11,1 | 52,6 | 46,3 | 11,9 | 30,3 | 27,3 | 9,8 |
| Miño | 46,9 | 41,0 | 12,7 | 59,4 | 53,6 | 9,7 | 35,6 | 29,4 | 17,3 |
| Oza dos Ríos | 44,7 | 40,5 | 9,5 | 56,3 | 51,0 | 9,4 | 34,1 | 30,8 | 9,7 |
| Paderne | 44,5 | 40,6 | 8,7 | 52,9 | 48,5 | 8,3 | 36,8 | 33,4 | 9,2 |
| Vilarmaior | 43,0 | 37,3 | 13,1 | 52,5 | 46,6 | 11,2 | 33,2 | 27,9 | 16,2 |
| Vilasantar | 49,6 | 45,1 | 9,1 | 61,7 | 58,1 | 5,8 | 36,9 | 31,4 | 14,8 |
| **Fisterra** | 45,0 | 40,1 | 11,0 | 61,2 | 56,1 | 8,4 | 29,8 | 25,0 | 16,0 |
| Cee | 47,9 | 41,6 | 13,1 | 63,2 | 57,0 | 9,8 | 34,1 | 27,7 | 18,8 |
| Corcubión | 47,1 | 41,6 | 11,7 | 62,2 | 57,1 | 8,2 | 33,2 | 27,3 | 17,8 |
| Dumbría | 44,3 | 40,1 | 9,5 | 59,3 | 55,0 | 7,3 | 30,3 | 26,2 | 13,6 |
| Fisterra | 44,8 | 39,4 | 12,0 | 63,4 | 57,9 | 8,8 | 26,0 | 20,8 | 20,0 |
| Muxía | 41,7 | 38,4 | 7,9 | 58,0 | 53,9 | 7,1 | 26,2 | 23,6 | 9,7 |
| **Terra de Soneira** | 46,4 | 41,2 | 11,1 | 59,0 | 53,9 | 8,6 | 34,6 | 29,4 | 15,1 |
| Camariñas | 41,1 | 37,2 | 9,4 | 54,1 | 49,4 | 8,8 | 28,7 | 25,7 | 10,5 |
| Vimianzo | 50,8 | 43,7 | 13,9 | 62,7 | 57,0 | 9,1 | 39,8 | 31,5 | 20,9 |
| Zas | 45,7 | 41,9 | 8,4 | 58,9 | 54,3 | 7,8 | 33,4 | 30,3 | 9,3 |
| **Bergantiños** | 50,3 | 45,4 | 9,8 | 63,0 | 57,5 | 8,6 | 38,4 | 33,9 | 11,7 |
| Cabana de Bergantiños | 52,4 | 47,6 | 9,1 | 63,3 | 57,9 | 8,5 | 42,0 | 37,8 | 9,9 |
| Carballo | 52,3 | 46,7 | 10,8 | 65,2 | 58,9 | 9,6 | 40,5 | 35,5 | 12,5 |
| Coristanco | 47,8 | 43,7 | 8,8 | 59,2 | 54,5 | 8,1 | 37,0 | 33,4 | 9,8 |
| A Laracha | 50,5 | 45,3 | 10,4 | 63,1 | 57,5 | 8,9 | 38,6 | 33,7 | 12,6 |
| Laxe | 46,0 | 40,9 | 11,1 | 63,6 | 58,0 | 8,8 | 28,8 | 24,2 | 16,1 |
| Malpica de Bergantiños | 48,7 | 44,5 | 8,6 | 62,4 | 58,2 | 6,7 | 35,6 | 31,4 | 11,7 |
| Ponteceso | 47,0 | 43,6 | 7,3 | 58,7 | 54,8 | 606,0 | 35,4 | 32,4 | 8,4 |
| **Área funcional** | 52,7 | 46,1 | 12,4 | 63,6 | 57,3 | 9,8 | 42,9 | 36,1 | 15,9 |
| **Total Provincia de A Coruña** | 51,0 | 44,6 | 12,5 | 62,4 | 56,2 | 9,9 | 40,7 | 34,1 | 16,2 |
| **Total Galicia** | 50,7 | 44,3 | 12,5 | 62,1 | 55,9 | 9,9 | 40,3 | 33,8 | 16,1 |

Fonte: *IGE, Censo de poboación e vivendas 2001*

**Cadro 3.3.**

***Poboación ocupada en vivendas familiares 2001: distribución segundo sector e situación profesional.***

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Bergantiños | | |
| **Poboación ocupada** | 205.502 | 147.138 | 14.568 | 8.526 | 7.546 | 27.724 | 424.910 | 1.014.566 |
| **Agricultura** | 8.866 | 2.074 | 2.291 | 793 | 1.118 | 2.590 | 26.082 | 76.187 |
| **Pesca** | 4.576 | 1.701 | 70 | 1.004 | 587 | 1.214 | 14.773 | 34.009 |
| **Industria** | 35.676 | 23.592 | 2.507 | 1.228 | 1.457 | 6.892 | 76.302 | 190.663 |
| **Construcción** | 25.255 | 13.399 | 1.945 | 1.691 | 1.686 | 6.534 | 53.276 | 123.172 |
| **Servicios** | 131.129 | 106.372 | 7.755 | 3.810 | 2.698 | 10.494 | 254.477 | 590.535 |
| **Segundo situación profesional** | | | | | | | | |
| **Traballador por conta propia** | 41.013 | 24.229 | 4.663 | 2.117 | 2.542 | 7.462 | 89.274 | 226.972 |
| **Emprega persoal** | 14.354 | 10.032 | 1.052 | 576 | 504 | 2.190 | 28.393 | 70.761 |
| **Non emprega persoal** | 26.659 | 14.197 | 3.611 | 1.541 | 2.038 | 5.272 | 60.881 | 156.211 |
| **Asalariados** | 163.416 | 122.388 | 9.841 | 6.344 | 4.924 | 19.919 | 332.704 | 776.325 |
| **Fixo** | 106.960 | 86.829 | 6.577 | 2.974 | 1.740 | 8.840 | 211.476 | 492.698 |
| **Eventual** | 56.456 | 35.559 | 3.264 | 3.370 | 3.184 | 11.079 | 121.228 | 283.627 |
| **Outras** | 895 | 521 | 64 | 65 | 80 | 165 | 2.932 | 11.269 |
| **Axudas familiares** | 447 | 257 | 34 | 24 | 28 | 104 | 1.448 | 7.926 |
| **Membro cooperativas** | 448 | 264 | 30 | 41 | 52 | 61 | 1.484 | 3.343 |

Fonte: *IGE, Censo de poboación e vivendas 2001*

**Cadro 3.4.**

máis importante en porcentaxe de ocupación é a construción ( Cabana de Bergantiños, Coristanco, Corcubión, Dumbría, Muxía, Laxe, Vimianzo e Zas), e finalmente, salienta a importancia do sector pesqueiro, como segundo máis importante en canto a ocupación nos concellos de Camariñas e Fisterra.

Atendendo á distribución segundo a súa **situación profesional**, o **cadro 3.4.** reflicte que o número total de asalariados na área funcional de A Coruña no ano 2001, ascendeu a 163.416 persoas (o 79,5% da poboación ocupada na área funcional), o que representa o 49,1% dos asalariados totais da provincia de A Coruña e o 21% dos asalariados galegos. Os asalariados con contrato fixo representan o 65,5% dos asalariados totais (106.960 persoas) e os temporais un 34,5% (56.456 persoas), sendo estas porcentaxes do 63,5% e 36,5% respectivamente no conxunto de Galicia.

O maior número de asalariados concéntrase na comarca de A Coruña con 112.388 persoas asalariadas no ano 2001, o que representa o 68,8% dos asalariados totais da área funcional, a porcentaxe de asalariados fixos na comarca de A Coruña é do 70,9%, 7,4 puntos porcentuais máis que a media de Galicia (63,5%).  A segunda comarca en importancia polo número de asalariados dentro da área funcional é a de Bergantiños que presenta no citado ano 19.919 asalariados, o 12,2% do total de asalariados existentes na área funcional, sendo a porcentaxe de asalariados fixos do 44,4%, 19,1 puntos porcentuais por debaixo da media galega.

O número total de empresarios, con e sen asalariados, acadou as 41.013 persoas (o 20% dos ocupados na área funcional de A Coruña), polo que o seu peso relativo no total provincial e galego foi do 46% e do 18,1% respectivamente. Atendendo á distribución entre empresarios con e sen asalariados, o devandito cadro 3.4. amosa que 26.659 empresarios da área funcional non empregan persoal (o 65%) e que 14.354 si o fan (o 35%). A comarca de A Coruña é a que acolle un maior número de empresarios tanto con como sen asalariados, co 59% dos empresarios totais da área funcional.

No que respecta ás axudas familiares e aos membros de cooperativas, na área funcional de A Coruña, estes ascenderon a 447 e 448 ocupados, respectivamente, o que representa o 30,9% e 30,2% do total provincial respectivamente. A nivel comarcal, no que respecta ás axudas familiares, destacan as comarcas de A Coruña e Bergantiños co 57,5% e 23,3% respectivamente das axudas familiares totais da área funcional,  no caso dos membros de cooperativas,  sequen sendo as comarcas de A Coruña e Bergantiños con 264 e 61 individuos, quen acolle ao 59% e ao 13,6% do total da área funcional respectivamente.

No concernente á poboación parada, o **cadro 3.1.** amosa que esta ascendeu a 29.126 persoas, das que 22.822 xa traballaran antes e 6.304 persoas están á procura do seu primeiro emprego. Comparando co total provincial e galego, a área funcional de A Coruña acolle ao 47,9% do total de desempregados da provincia de A Coruña e ao 19,9% do total de desempregados galegos.

A comarca de A Coruña con 22.451 persoas desempregadas é a que presenta unha maior cantidade de persoas nesta situación (o 77,1% do total da área funcional), cunha taxa de desemprego do 13,2%.

Atendendo á **distribución segundo sexos**, o **cadro 3.2.** amosa que, ao igual que acontece para o conxunto da provincia de A Coruña e para Galicia, a área funcional de A Coruña presenta un volume de mulleres desempregadas superior ao dos homes. Neste senso no conxunto da comunidade autónoma o 53,7% das persoas desempregadas son mulleres, na provincia de A Coruña esta porcentaxe é do 54,1%, e no conxunto da área funcional obxecto de estudio a porcentaxe ascende ao 54,8% do total de persoas desempregadas.

A nivel comarcal, este predominio do desemprego feminino, preséntase en tódalas comarcas agás en Fisterra, onde o desemprego masculino é un 1,5% superior ao feminino.

No que respecta á poboación inactiva e á súa causa, o **cadro 3.1.** mostra que esta poboación ascen-

*Paro rexistrado por sectores económicos 2007*

| | Total | Sector Primario | Sector Secundario | | | Sector Construción | Sector Servizos | | | | Sen emprego anterior |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Total | Industria | Electricidade | Construción | Total | Comercio e hostalería | Transporte almacenamento e comunicación | Outros servicios | |
| **Área funcional de A Coruña** | 29.225 | 687 | 5.074 | 4.939 | 135 | 3.220 | 16.957 | 6.322 | 837 | 9.798 | 3.287 |
| **A Coruña** | 20.011 | 363 | 2.874 | 2.807 | 67 | 1.652 | 13.034 | 4.758 | 609 | 7.667 | 2.088 |
| **Betanzos** | 1.627 | 30 | 236 | 224 | 12 | 191 | 941 | 378 | 59 | 504 | 229 |
| **Fisterra** | 1.656 | 91 | 231 | 194 | 37 | 289 | 749 | 326 | 57 | 366 | 296 |
| **Terra de Soneira** | 1.261 | 77 | 227 | 227 | xx | 274 | 496 | 207 | 28 | 261 | 187 |
| **Bergantiños** | 4.670 | 126 | 1.506 | 1.487 | 19 | 814 | 1.737 | 653 | 84 | 1.000 | 487 |
| **Provincia de A Coruña** | 57.962 | 1.524 | 9.272 | 9.074 | 198 | 6.159 | 32.619 | 12.180 | 1.594 | 18.845 | 8.388 |
| **Área funcional / Provincia** | 50,4 | 45,1 | 54,7 | 54,4 | 68,2 | 52,3 | 52,0 | 51,9 | 52,5 | 52,0 | 39,2 |

*Os totais comarcais non coinciden cos mostrados nas taboas 3.1 e 3.2, xa que segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, incorporouse a esta aplicación a consideración técnica de non mostra*

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións*, *Informe do mercado laboral*

**Cadro 3.5.**

*Paro rexistrado: distribución segundo grupos de idade 2007*

| | Total | Menores de 35 anos | | | Resto de idades | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| **Área funcional de A Coruña** | 30.844 | 4.059 | 7.394 | 11.453 | 7.212 | 12.179 | 19.391 |
| A Coruña | 21.629 | 3.007 | 5.480 | 8.487 | 4.853 | 8.289 | 13.142 |
| Betanzos | 1.627 | 239 | 382 | 621 | 386 | 620 | 1.006 |
| Fisterra | 1.656 | 195 | 350 | 545 | 423 | 688 | 1.111 |
| Terra de Soneira | 1.262 | 123 | 244 | 367 | 376 | 519 | 895 |
| Bergantiños | 4.670 | 495 | 938 | 1.433 | 1.174 | 2.063 | 3.237 |
| **Provincia de A Coruña** | 57.962 | 7.532 | 12.599 | 20.131 | 13.660 | 24.171 | 37.831 |
| **Área Funcional/Provincia** | 53,2 | 53,9 | 58,7 | 56,9 | 52,8 | 50,4 | 51,3 |

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións*, *Informe sobre o mercado laboral*

**Cadro 3.6.**

deu no conxunto da área funcional a 210.737 persoas (o 45,2% das persoas inactivas da provincia de A Coruña e o 18,3% do total de inactivos da comunidade autónoma), dos que o 63,6% son mulleres (134.027 persoas).

Atendendo á causa da inactividade, o 34,3% das persoas inactivas da área funcional de A Coruña (72.200 persoas), son persoas xubiladas. Comparada esta porcentaxe coa existente a nivel provincial, na área funcional á porcentaxe de xubilados é inferior á existente na provincia de A Coruña (35,8%), así como á media galega (39,1%).

Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 3.1.** reflicte que 140.772 persoas inactivas pertencen á comarca de A Coruña (un 66,8%), seguida en importancia en canto ó número de inactivos da comarca de Bergantiños con 30.364 persoas nesta situación (un 14,4%).

- Paro rexistrado

O concepto de paro rexistrado é o establecido na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985 que no seu artigo único establece que se incluirá as persoas que teñan demandas pendentes de satisfacer no último día do mes nas Oficinas de Emprego, salvo as que se atopen en situación de pluriemprego, mellor emprego, colaboración social, xubilados, emprego conxuntural, xornada ‹20 horas, estudantes, demandas suspendidas, compatibilidade prestacións, traballadores eventuais agrícolas subsidiados, rexeitamento de accións de inserción laboral.

No **cadro 3.5.** recóllense datos do paro rexistrado por sectores económicos no ano 2007 nas cinco comarcas que compoñen a área funcional obxecto de estudio. Destes datos dedúcese que, o igual que acontece no conxunto da provincia de A Coruña, a maior parte do desemprego rexistrado nas cinco comarcas da área funcional prodúcese no sector servizos, e en concreto en todas as comarcas, agás na de Bergantiños e na da Terra de Soneira, na actividade de "outros servizos"; o sector servizos con 16.957 desempregados, acolle ao 58% do desemprego total da área funcional de A Coruña, seguido do sector secundario co 17,4% do desemprego total, dentro do que a actividade industrial con 4.939 desempregados representa o 97,3% do desemprego do sector secundario. A actividade de construción con 3.220 desempregados, supón o 11% do desemprego total e os individuos que non teñen un emprego anterior con 3.287 persoas supoñen o 11,3% dos desempregados totais existentes en 2007 na área funcional de A Coruña.

En termos relativos, a área funcional de A Coruña acolle ao 50,4% do paro total rexistrado na provincia de A Coruña. Cómpre salienta-la importancia relativa do desemprego rexistrado na área funcional na actividade industrial que representa o 54,4% do paro rexistrado nesta actividade no conxunto da provincia de A Coruña.

***Cursos por familia profesional: plan FIP, programación modular, con compromiso de contratación e FSE 2006***

| A Coruña | FIP | FIP con compromiso de contratación | Programación modular | FSE desempregados | FSE ocupados |
|---|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN | 51 | - | - | - | 1 |
| AGRARIA | 2 | - | - | - | - |
| ARTES GRÁFICAS | 13 | - | - | - | 3 |
| ARTES E ARTESANÍAS | 3 | - | - | - | - |
| COMERCIO E MÁRKETING | 9 | 3 | - | - | - |
| ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA | 5 | - | - | - | - |
| EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL | 18 | - | 2 | - | - |
| FABRICACIÓN MECÁNICA | 1 | - | - | 1 | - |
| HOSTALARÍA E TURISMO | 10 | - | 1 | - | 1 |
| INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS | 17 | - | - | 5 | 15 |
| INSTALACIÓN E MANTEMENTO | 1 | - | - | - | - |
| IMAXE PERSOAL | 1 | - | - | - | - |
| IMAXE E SON | - | - | - | - | 2 |
| INDUSTRIAS ALIMENTARIAS | 2 | - | - | - | 2 |
| MADEIRA, MOBLE E CORTIZA | 3 | - | - | - | - |
| QUÍMICA | - | 2 | - | - | - |
| SANIDADE | 10 | 1 | - | - | 5 |
| SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E A COMUNIDADE | 14 | - | - | 1 | 2 |
| TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL | 4 | - | - | - | - |
| TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS | 7 | - | - | - | 2 |
| **Total** | **171** | **6** | **3** | **7** | **33** |

| Bergantiños | FIP | FIP con compromiso de contratación | Programación modular | FSE desempregados | FSE ocupados |
|---|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN | 2 | - | - | - | - |
| AGRARIA | 1 | - | - | - | - |
| ARTES GRÁFICAS | 1 | - | - | - | - |
| ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA | 2 | - | - | - | - |
| FABRICACIÓN MECÁNICA | 1 | - | - | - | - |
| SANIDADE | 1 | - | - | - | - |
| TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL | 4 | - | - | - | 2 |
| TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS | 1 | - | - | - | - |
| | **13** | **-** | **-** | **-** | **2** |

| Betanzos | FIP | FIP con compromiso de contratación | Programación modular | FSE desempregados | FSE ocupados |
|---|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN | 5 | - | - | - | - |
| AGRARIA | 1 | - | - | - | - |
| COMERCIO E MÁRKETING | - | 1 | - | - | - |
| EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL | 1 | - | - | - | - |
| IMAXE PERSOAL | 2 | - | 2 | - | - |
| SANIDADE | 2 | - | - | - | - |
| SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E A COMUNIDADE | 2 | - | - | - | - |
| **Total** | **13** | **1** | **2** | **-** | **-** |

| Fisterra | FIP | FIP con compromiso de contratación | Programación modular | FSE desempregados | FSE ocupados |
|---|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN | 2 | - | - | - | - |
| ARTES E ARTESANÍAS | 2 | - | - | - | - |
| INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS | 3 | - | - | - | - |
| **Total** | **7** | **-** | **-** | **-** | **-** |

| Terra de Soneira | FIP | FIP con compromiso de contratación | Programación modular | FSE desempregados | FSE ocupados |
|---|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN | 1 | - | - | - | 1 |
| INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS | 1 | - | - | - | - |
| **Total** | **2** | **-** | **-** | **-** | **1** |

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións*, *Informe sobre o mercado laboral*

**Cadro 3.7.**

Tendo en conta a distribución das persoas desempregadas en función da súa idade, **cadro 3.6.**, o 37,1% das persoas desempregadas da zona obxecto de estudio teñen menos de trinta e cinco anos, das que o 64,5% son mulleres. En xeral, o 63,4% das persoas desempregadas da área funcional analizada son mulleres (19.573), das que o 37,8% teñen menos de trinta e cinco anos.

No que respecta á formación ocupacional na área funcional de A Coruña, o **cadro 3.7.** mostra os cursos por familia profesional (Plan FIP, programación modular, con compromiso de contratación e FSE) no ano 2006 nas cinco comarcas de área funcional analizada, tendo en conta que a formación profesional ocupacional está dirixida a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ao día das súas competencias profesionais.

O número de cursos impartidos na área funcional no ano 2006, dentro do marco do Plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP) ascendeu a 206, dos que 171, isto é o 83% , corresponden a cursos impartidos na comarca de A Coruña.

A familia profesional que á que máis cursos se dedican é a de “Administración e Xestión” con 61 cursos, dos que 51 ubícanse na comarca de A Coruña.

- **Grupos ocupacionais**

Dentro do estudo do emprego na área funcional, é fundamental analizar os datos sobre os grupos ocupacionais máis contratadas nas cinco comarcas que compoñen a área funcional, representados nos **cadros 3.8.**, **3.9.**, **3.10.**, **3.11.** e **3.12.**

A primeira variable obxecto de análise é o saldo neto, indicador que se calcula por diferenza entre os contratados nun ámbito territorial, e a media dos demandantes preferentes nun mesmo período temporal. A significación do mesmo é a seguinte, o saldo neto positivo indicaría un superávit de contratos con respecto aos demandantes de emprego preferentes, isto é, que o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes. O saldo neto negativo, pola contra, indicaría un déficit de contratación, os demandantes de emprego superan os requirimentos do mercado de traballo, no que se refire ao traballo por conta allea. O saldo neto calcúlase tendo en conta, por unha banda que se parte do dato de persoas contratadas, independentemente do número de contratos que poida ter, e, por outra banda, que se recolle os demandantes con demanda preferente, é dicir, cada demanda de emprego solicitada por un traballador pode recoller ata un máximo de seis ocupacións, nas que quere traballar; o cálculo do saldo neto faise con demandantes, non con demandas, partindo da premisa de que a ocupación solicitada no primeiro lugar conleva unha preferencia do traballador á hora de buscar emprego

No ámbito territorial da área funcional, observamos, tal como se mostra nos cadros anteriormente citados, das cincuenta familias profesionais consideradas en cada comarca, existen 12 familias profesionais que o ano 2006 presentaron, en algunha das cinco comarcas, un saldo neto negativo; como son:

- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares (Bergantiños -326, Fisterra -134 e Terra de Soneira -150)
- Lavandeiros, pasadores de ferro e asimilados ( Bergantiños -46)
- Recolledores de lixo ( Bergantiños -33)
- Empregados para coidado de nenos (Bergantiños -16, Terra de Soneira -7)
- Taquígrafos e mecanógrafos (Betanzos -15, Fisterra -21, Terra de Soneira -7)
- Asistentes domiciliarios ( Betanzos -10)
- Representantes de comercio e técnicos de vendas (Betanzos -1)
- Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais (Fisterra -1, Terra de Soneira -6)
- Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados ( Fisterra -11)

**Cadro 3.8.**

***Ocupacións máis contratadas na comarca de A Coruña***

| Familia profesional | saldo neto 2002 | saldo neto 2006 | Indicador de estabilidade laboral (1) | Indicador de tendencia | Clasificación de tendencia (2) | Indicador de ocupabilidade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 17.033 | 7.062 | Baixa | Baixa | D. R. | Baixa |
| Peóns do transporte e descargadores | 5.996 | 5.525 | Baixa | Baixa | D. R. | Baixa |
| Peóns de industrias manufactureiras | 6.494 | 7.347 | Media | Baixa | D. I. | Media |
| Camareiros, barmans e asimilados | 3.763 | 5.344 | Baixa | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares | 2.043 | 3.314 | Baixa | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Telefonistas | 228 | 4.496 | Baixa | Sobe | C. S. | Moi Alta |
| Taquígrafos e mecanógrafos | 2.941 | 2.254 | Alta | Baixa | D. R. | Baixa |
| Albaneis e canteiros | 3.150 | 2.859 | Alta | Baixa | D. R. | Baixa |
| Representantes de comercio e técnicos de venda | 1.235 | 1.862 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Peóns da construción de edificios | 2.222 | 1.882 | Baixa | Baixa | D. I. | Media |
| Cociñeiros e outros preparadores de comidas | 1.153 | 1.731 | Alta | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Condutores de camións | 1.009 | 1.800 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas | 1.642 | 1.658 | Alta | Sobe | C. I. | Alta |
| Operadores de máquinas de coser e bordar | 3.234 | 1.369 | Media | Baixa | D. S. | Baixa |
| Intermediarios de cambio, bolsa e finanzas | 19 | 1.602 | Alta | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Animadores comunitarios | 1.087 | 1.346 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Vendedores a domicilio e por teléfono | 1.909 | 1.307 | Alta | Baixa | D. I. | Media |
| Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) | 1.011 | 1.018 | Alta | Baixa | D. I. | Media |
| Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | 1.195 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Guías e azafatas de terra | 684 | 1.102 | Baixa | Sobe | C. I. | Alta |
| Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados | 427 | 774 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Auxiliares de enfermaría hospitalaria | 91 | 765 | Baixa | Sobe | C. S. | Moi Alta |
| Electricista de construción e asimilados | 1.186 | 881 | Alta | Baixa | C. R. | Baixa |
| Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados | 778 | 881 | Alta | Baixa | D. I. | Media |
| Soldadores e oxicortadores | 1.554 | 902 | Media | Baixa | D. S. | Baixa |
| Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados | 961 | 894 | Media | Baixa | D. I. | Media |
| Montadores de estruturas metálicas | 888 | 926 | Media | Sobe | C. I. | Alta |
| Empregados de servizos de correos (excepto empregados de portelo) | 723 | 844 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos) | 1.104 | 549 | Media | Baixa | D.R. | Baixa |
| Vixilantes, gardiáns e asimilados | 902 | 697 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Secretarios administrativos e asimilados | -451 | 538 | Alta | Sobe | C.S. | Alta |
| Profesores de ensino secundario | 299 | 503 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Gardas xurados e persoal de seguridade privado | 497 | 738 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Compositores, músicos e cantantes | 509 | 715 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Fontaneiros e instaladores de tubos | 276 | 574 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Operadores de máquinas para branquear, tinguir e limpar | 664 | 559 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial | 408 | 628 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados | 374 | 639 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Axentes de enquisas | 275 | 645 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Chapistas e caldeireiros | 707 | 569 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Outros diversos profesionais do ensino | 143 | 612 | Media | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos | 397 | 555 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Empregados para o coidado de nenos | -116 | 169 | Media | Sobe | C.S. | Alta |
| Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas | 296 | 324 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Delineantes e deseñadores técnicos | 76 | 388 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Deportistas e profesionais similares | 440 | 430 | Media | Baixa | D.R. | Baixa |
| Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | 486 | Alta | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Mecánicos e axustadores de vehículos de motor | 330 | 352 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Enfermeiros | 113 | 324 | Media | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Programadores de aplicacións informáticas e controladores de equipos informáticos | 133 | 228 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |

*(1) Referido ao ano 2006*

*(2) C.S. Crecemento sostido, C.R. Crecemento relevante, C.I Crecemento Irregular, D.S. Decrecemento sostido, D.R. Decrecemento Relevante, D.I. Decrecemento irregular*

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

Cadro 3.9.

### *Ocupacións máis contratadas na comarca de Bergantiños*

| Familia profesional | saldo neto 2002 | saldo neto 2006 | Indicador de estabilidade laboral (1) | Indicador de tendencia | Clasificación de tendencia (2) | Indicador de ocupabilidade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Operadores de máquinas de coser e bordar | 2.429 | 1.438 | Baixa | Baixa | D. I. | Media |
| Albaneis e canteiros | 601 | 805 | Media | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Peóns da construción de edificios | 141 | 392 | Media | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 77 | 133 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Camareiros, barmans e asimilados | 261 | 434 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Condutores de camións | 177 | 330 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Peóns da industria manufactureira | -77 | 30 | Baixa | Baixa | D.I | Baixa |
| Taquígrafos e mecanógrafos | -169 | 79 | Alta | Sobe | C. S. | Alta |
| Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) | 68 | 224 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares | -494 | -326 | Alta | Sobe | C.R. | Alta |
| Peóns do transporte e descargadores | 134 | 117 | Media | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados | 48 | 139 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Xastres. Modistos e sombrereiros | 74 | 191 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Compositores, músicos e cantantes | 165 | - | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Operadores de máquinas para branquear, tinguir e limpar | 152 | 71 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Revocadores, escaiolistas e estuquistas | 90 | 162 | Media | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Fontaneiros e instaladores de tubos | 58 | 119 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Pescador por conta allea de altura | 27 | 65 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Cociñeiros e outros preparadores de comidas | -30 | 43 | Media | Sobe | C.R. | Alta |
| Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos | 73 | 120 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Parqueteiros, soldadores e asimilados | 64 | 108 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe | 22 | 20 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Representantes do comercio e técnicos de vendas | 25 | 80 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Perruqueiros, especialistas en tratamentos de beleza e traballadores asimilados | -11 | 61 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados | 60 | 72 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos) | 37 | 45 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Operadores de máquinas para fabricar productos de materias plásticas | 5 | - | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Soldadores e oxicortadores | 11 | 42 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Bañista-Socorrista | 57 | 59 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Taxistas e conductores de autobús e furganetas | 26 | 51 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Condutores de maquinaria de movementos de terras e equipos similares | 18 | 32 | Alta | Baixa | D.I. | Media |
| Lavandeiros, pasadores de ferro e asimilados | -8 | -46 | Media | Sobe | C.I. | Media |
| Encargados e xefes de equipo en obras estruturais de construción | 5 | 56 | Alta | Sobe | C.I. | Media |
| Auxiliares de enfermería hospitalaria | -40 | 11 | Baixa | Sobe | C.S. | Alta |
| Mecánicos e axustadores de vehículos de motor | -16 | 23 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Electricista de construción e asimilados | 101 | 12 | Media | Baixa | D.R. | Baixa |
| Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial | 13 | 35 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bamcarios | - | - | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais | 27 | 20 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Outros diversos profesionais do ensino | - | 45 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Animadores comunitarios | 27 | 33 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Recolledores de lixo | 10 | -33 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Secretarios administrativos e asimilados | -49 | 7 | Alta | Sobe | C.R. | Alta |
| Empregados para o coidado de nenos | -13 | -16 | Media | Baixa | C.I. | Media |
| Pescador por conta allea de augas doces e costeiras | -5 | 41 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e cosntrucións similares | 8 | 34 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Empregados de servizos de correos (excepto empregados de portelo) | 13 | 36 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Operadores de teares e otras máquinas tecedoras | -12 | 5 | Media | Sobe | C.I. | Media |
| Músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos en cabarés e similares | - | - | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Panadeiros, pasteleiros e confeiteiros | 21 | 19 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |

*(1) Referido ao ano 2006*

*(2) C.S. Crecemento sostido, C.R. Crecemento relevante, C.I Crecemento Irregular, D.S. Decrecemento sostido, D.R. Decrecemento Relevante, D.I. Decrecemento irregular*

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

Cadro 3.10.

### Ocupacións máis contratadas na comarca de Betanzos

| Familia profesional | saldo neto 2002 | saldo neto 2006 | Indicador de estabilidade laboral (1) | Indicador de tendencia | Clasificación de tendencia (2) | Indicador de ocupabilidade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Peóns do transporte e descargadores | 340 | 281 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Peóns da industria manufactureira | 288 | 272 | Media | Baixa | D. I. | Media |
| Albaneis e canteiros | 96 | 256 | Media | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Camareiros, barmans e asimilados | 132 | 242 | Media | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 4 | 28 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Actores e directores de cine, radio, televisión e teatro e asimilados | - | - | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Compositores, músicos e cantantes | 165 | - | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares | -116 | 34 | Baixa | Sobe | C.S. | Alta |
| Taquígrafos e mecanógrafos | -116 | -15 | Alta | Baixa | D.I. | Baixa |
| Soldadores e oxicortadores | 23 | 113 | Alta | Baixa | D.I. | Media |
| Conductores de camións | 54 | 91 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) | 14 | 71 | Alta | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Cociñeiros e outros preparadores de comidas | -10 | 59 | Alta | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Peóns da construción de edificios | -25 | 43 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Montadores de estruturas metálicas | - | - | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Fontaneiros e instaladores de tubos | 10 | 61 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Chapistas e caldeireiros | 14 | 65 | Alta | Baixa | D.I. | Media |
| Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados | 2 | 44 | Media | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Perruqueiros, especialistas en tratamentos de beleza e traballadores asimilados | 11 | 28 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Taxistas e conductores de autobús e furganetas | 42 | 41 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Empregados para o coidado de nenos | -23 | 1 | Baixa | Sobe | C.R. | Alta |
| Peóns forestais | 24 | 43 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Empregados de servizos de correos (excepto empregados de portelo) | 21 | 39 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados | 8 | 28 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos) | 9 | 11 | Baixa | Baixa | D.R. | Baixa |
| Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos | -6 | 37 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Asistentes domiciliarios | 15 | -10 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Representantes de comercio e técnicos de venda | -7 | -1 | Alta | Sobe | C.R. | Alta |
| Animadores comunitarios | - | 27 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Operadores de máquinas para fabricar produtos de madeira | 2 | - | Baixa | Sobe | C.I: | Alta |
| Operadores de máquinas de coser e brodar | 80 | 3 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Peóns agrícolas | - | - | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | - | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Profesores de ensino secundario | 9 | 8 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Electricista de construción e asimilados | 12 | 13 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Conductores de maquinaria de movemento de terras e equipos similares | - | 21 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial | 50 | 21 | Baixa | Baixa | D.R. | Baixa |
| Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e cosntrucións similares | - | - | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade | - | 18 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Vixilantes, gardiáns e asimilados | -4 | 21 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Outros diversos profesionais do ensino | - | - | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais | 10 | 3 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Empregados e xefes de equipo en obras estruturais da construción | 4 | 16 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Panadeiros, pasteleiros e confeiteiros | 22 | - | Alta | Baixa | D.I. | Media |
| Músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos en cabarés e similares | 7 | 20 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Revisores, controladores de coches-cama e cobradores dos transportes | - | 20 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Secretarios administrativos e asimilados | -37 | 1 | Alta | Sobe | C.R. | Alta |
| Bañista-socorrista | - | - | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Gardas xurados e persoal de seguridade privada | - | 13 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | 17 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |

*(1) Referido ao ano 2006*

*(2) C.S. Crecemento sostido, C.R. Crecemento relevante, C.I Crecemento Irregular, D.S. Decrecemento sostido, D.R. Decrecemento Relevante, D.I. Decrecemento irregular*

Fonte*: Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

Cadro 3.11.

## *Ocupacións máis contratadas na comarca de Fisterra*

| Familia profesional | saldo neto 2002 | saldo neto 2006 | Indicador de estabilidade laboral (1) | Indicador de tendencia | Clasificación de tendencia (2) | Indicador de ocupabilidade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Albaneis e canteiros | 341 | 222 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Camareiros, barmans e asimilados | 135 | 219 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 10 | 52 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Peóns de industrias manufactureiras | -114 | 112 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares | -118 | -134 | Media | Sobe | C.R. | Alta |
| Cociñeiros e outros preparadores de comidas | 7 | 81 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Conductores de camións | 39 | 87 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Peóns da construción de edificios | -112 | 33 | Media | Sobe | C.S. | Alta |
| Operadores de máquinas de coser e brodar | 32 | 36 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Compositores, músicos e cantantes | - | - | Media | Sobe | C. R. | Moi Alta |
| Pescador por conta allea de altura | -36 | 13 | Alta | Sobe | C.R. | Alta |
| Taquígrafos e mecanógrafos | -27 | -21 | Media | Baixa | D.R. | Alta |
| Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) | 54 | 37 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Enfermeiros | 47 | 57 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Peóns forestais | 49 | 39 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e cosntrucións similares | 11 | 47 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Peóns do transporte e descargadores | 14 | 19 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Auxiliares de enfermería hospitalaria | 50 | 29 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Electricista de construción e asimilados | 16 | 22 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Conductores de maquinaria de movemento de terras e equipos similares | 24 | 24 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | 36 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos) | 1 | 16 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Outros diversos técnicos en sanidade, incluidos os de medicina tradicional | - | 33 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais | 31 | -1 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Bombeiros | - | 25 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Técnicos de laboratorio sanitario | 5 | 19 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Pescador por conta allea de auga doce e de augas costeiras | - | - | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Montadores de maquinaria pesada | - | 24 | Baixa | Sobe | C.I: | Alta |
| Xastres, modistos e sombreireiros | -4 - | 9 | Media | Sobe | C.I. | Media |
| Recolledores de lixo | - | 18 | Media | Sobe | C.I. | Media |
| Médicos | 36 | 22 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Empregados de servizos de correos (excepto empregados de portelo) | - | 16 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Taxistas e conductores de automóbiles e furgonetas | -2 | 7 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Outros diversos profesionais do ensino | - | - | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Outros traballadores diversos de acabado de construcións | - | 19 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Capitáns e oficiais de ponte | - | 14 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Peóns agropecuarios | - | 18 | Alta | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Montadores de estruturas metálicas | - | - | Media | Mantense | E.P | Alta |
| Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados | 3 | 4 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Varredores e asimilados | 9 | 9 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Mecánicos e axustadores de vehículos de motor | 2 | 7 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados | -4 | -11 | Media | Baixa | D.I. | Baixa |
| Profesores de ensino secundario | 8 | 4 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | 14 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Representantes de comercio e técnicos de vendas | - | 5 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Operadores de equipo de diagnóstico e tratamento médico | - | - | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Secretarios administrativos e asimilados | -28 | -7 | Alta | Sobe | C.R. | Alta |
| Tronzadores, labrantes e gravadores de pedras | 15 | - | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios | - | 9 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade | - | 5 | Media | Baixa | D.I. | Media |

*(1) Referido ao ano 2006*

*(2) C.S. Crecemento sostido, C.R. Crecemento relevante, C.I Crecemento Irregular, D.S. Decrecemento sostido, D.R. Decrecemento Relevante, D.I. Decrecemento irregular E.P. Estabilidade positiva*

Fonte*: Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

Cadro 3.12.

### Ocupacións máis contratadas na comarca de Terra de Soneira

| Familia profesional | saldo neto 2002 | saldo neto 2006 | Indicador de estabilidade laboral (1) | Indicador de tendencia | Clasificación de tendencia (2) | Indicador de ocupabilidade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Albaneis e canteiros | 134 | 212 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Xastres, modistos e sombreireiros | 275 | 129 | Alta | Baixa | D.R. | Baixa |
| Pescador por conta allea de altura | -31 | 114 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) | 75 | 114 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Operadores de maquinas de coser e bordar | 124 | 50 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Peóns de industrias manufactureiras | -76 | 44 | Media | Baixa | D.R. | Baixa |
| Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 1 | 9 | Alta | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Camareiros, barmans e asimilados | -1 | 74 | Media | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Peóns da construción de edificios | -127 | 14 | Media | Sobe | C.R. | Alta |
| Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados | 35 | 58 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Compositores, músicos e cantantes | - | - | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Peóns forestais | - | 72 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Parqueteiros, soldadores e asimilados | - | 73 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Conductores de camións | 22 | 54 | Alta | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e cosntrucións similares | - | 47 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis( camareiras de pisos) e outros establecementos similares | -151 | -150 | Media | Sobe | C.I. | Media |
| Peóns do transporte e descargadores | - | 31 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Asistentes domiciliarios | 31 | 7 | Media | Baixa | D.I. | Media |
| Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe | 6 | 36 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Taxistas e conductores de automóbiles e furgonetas | 2 | 23 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Taquígrafos e mecanógrafos | -20 | -7 | Alta | Baixa | D.R. | Moi Baixa |
| Operadores de maquinaria para elaborar productos derivados de carne, peixe e marisco | - | 23 | Baixa | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Operadores de maquinaria para branquear, tinguir e limpar | - | 10 | Alta | Baixa | D.R. | Baixa |
| Lavandeiros,pasadores de ferro e asimilados | -1 | 14 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Conductores de autobús | 11 | - | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | 26 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Electricista de construción e asimilados | 3 | 19 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos de cabarés e similares | - | 25 | Baixa | Sobe | C.I. | Alta |
| Mecánicos e axustadores de vehículos de motor | 4 | 17 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Capitáns e oficiais de ponte | - | - | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Outros diversos profesionais do ensino | - | 21 | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Cociñeiros e outros preparadores de comida | -33 | -6 | Media | Sobe | C.I. | Media |
| Peóns agropecuarios | - | 21 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados | 24 | 13 | Baixa | Baixa | D.I. | Media |
| Fontaneiros e instaladores de tubos | 6 | 15 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Operadores de serradoiros, de máquinas de contrachapado e en instalación conexas para o tratamento | - | - | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial | - | 14 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Animadores comunitarios | 7 | 14 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Conductores de maquinaria de movementos de terra e equipos similares | 1 | 6 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente | - | 17 | Alta | Sobe | C.I. | Alta |
| Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios | - | - | Baixa | Sobe | C.S. | Moi Alta |
| Varredores e asimilados | 8 | 12 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Soldadores e oxicortadores | 4 | 11 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Empregados de servizos de correos (excepto empregados de portelo) | - | - | Baixa | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Servizos administrativos e asimilados | -20 | 4 | Alta | Sobe | C.I. | Media |
| Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais | 38 | -6 | Media | Baixa | D.R. | Baixa |
| Empregados de contabilidade e cálculo de nóminas e salarios | - | 9 | Alta | Sobe | C.R. | Moi Alta |
| Empregados para coidado de nenos | -7 | -7 | Media | Sobe | C.R. | Alta |
| Recolledores de lixo | - | 9 | Media | Sobe | C.I. | Alta |
| Vixilantes, gardiáns e asimilados | 3 | 9 | Media | Sobe | C.R. | Moi Alta |

*(1) Referido ao ano 2006*

*(2) C.S. Crecemento sostido, C.R. Crecemento relevante, C.I Crecemento Irregular, D.S. Decrecemento sostido, D.R. Decrecemento Relevante, D.I. Decrecemento irregular E.P. Estabilidade positiva*

Fonte*: Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

- Secretarios administrativos e asimilados ( Fisterra -7)
- Peóns do transporte (Terra de Soneira -31)
- Cociñeiros e outros preparadores de comida (Terra de Soneira -6)

Destes datos podemos deducir en primeiro lugar, a non existencia de familias profesionais con saldo neto negativo no ano 2006 na comarca de A Coruña, aínda que, tal como se mostra no cadro 3.8, existen familias profesionais cunha forte redución no seu saldo. En segundo lugar, observamos como familias profesionais como por exemplo "Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares" con saldo netos negativos nas comarcas de Bergantiños, Fisterra e Terra de Soneira, presentan un saldo positivo neto de 3.314, o que indicaría unha mobilidade de demandantes cara esa comarca.

A segunda variable obxecto de estudio é o Indicador de estabilidade laboral, referido neste caso ao ano 2006. Este indicador susténtase en dúas variables, por unha banda a contratación indefinida, como medida da porcentaxe de contratados indefinidos fronte ao total de contratados ao longo dun ano, e, por outra banda, a taxa de rotación como o número de contratos temporais para cada contratado temporal ao longo dun ano. Estes medidores calcúlanse para cada grupo de ocupación de cada unha das cinco comarcas, facendo, posteriormente, unha comparación coa porcentaxe de contratación indefinida media e a taxa de rotación media de cada comarca

Atendendo ao cruce das variables citadas, obteríamos os seguintes baremos:

1. Falaremos dunha Estabilidade laboral alta cando:
- A Contratación indefinida do grupo ocupacional sexa maior ca contratación indefinida media da comarca
- A Taxa de rotación do grupo ocupacional sexa menor ca taxa de rotación media
2. Falaremos dunha Estabilidade laboral media cando:
- A Contratación Indefinida do grupo ocupacional sexa maior ca contratación indefinida media e a taxa de rotación do grupo ocupacional sexa maior ou igual a taxa de rotación media.
- A Contratación indefinida do grupo ocupacional sexa menor ou igual a contratación indefinida media e a taxa de rotación do grupo ocupacional sexa menor a taxa de rotación media.

3. Finalmente, falaremos de Estabilidade laboral baixa cando:
- A contratación indefinida do grupo ocupacional sexa menor ou igual a contratación indefinida media.
- A taxa de rotación do grupo ocupacional sexa maior ou igual a taxa de rotación media.

A análise comparativa dos indicadores de estabilidade laboral das diferentes familias profesionais nas cinco comarcas da área funcional, expostos nos anteditos **cadros 3.8., 3.9., 3.10., 3.11.** e **3.12.** mostran a falla de homoxeneidade do mercado de traballo nas comarcas analizadas, existindo familias profesionais cunha baixa estabilidade laboral na comarca de A Coruña (por exemplo "Dependentes e exhibidores en tendas,...") , que presenta unha estabilidade laboral alta nas catro comarcas restantes da área funcional, e viceversa.

De forma xeral cabe destacar a temporalidade na contratación existente na área funcional, conclusión que será visible cando, posteriormente, analicemos a contratación, e, en concreto, o perfil de contratacións existente na área funcional

A terceira variable obxecto de análise dentro do estudio das ocupacións máis contratadas nas cinco comarcas da área funcional é o indicador de tendencia e a clasificación de tendencia.

O indicador de tendencia está referido ao ano 2006, e indica unha evolución contractual nun período temporal de cinco anos. Este indicador ten en conta dúas variables, por unha banda o número de

contratos no ano 2006 nos distintos grupos ocupacionais e, por outra banda, a media dos contratados en dito grupo ocupacional nos catro anos anteriores.

Partindo das dúas variables citadas, establécense comparacións para determinar o tipo de evolución, de xeito que:

- se o número de contratos do ano 2006 é maior ca media de contratos no período de catros ano anterior, considérase a existencia de crecemento
- Se o número de contratos do ano 2006 é igual ca media de contratados no período de catro anos anterior, considérase a existencia de estabilidade
- Se o número de contratos do ano 2006 é menor ca media de contratados no período de catro anos anterior, considérase a existencia de decrecemento.

No que respecta ao crecemento, este pode ser un crecemento sostido (crecemento nos 4 períodos interanuais), crecemento relevante (crecemento en 3 períodos interanuais) e crecemento irregular (crecemento en un ou dous períodos interanuais).

No que respecta á estabilidade, esta pode ser positiva (crecemento en tres períodos interanuais), estabilidade negativa (crecemento en un o dous períodos interanuais) ou estabilidade (cando é constante no tempo).

Finalmente, en relación ao decrecemento, este pode ser decrecemento sostido (decrecemento nos 4 períodos interanuais), decrecemento relevante (decrecemento en e períodos interanuais) ou decrecemento irregular (decrecemento en un ou dos períodos interanuais).

Nas cinco comarcas da área funcional, tendo en conta en cada unha delas 50 familias profesionais, os indicadores de tendencia mostran unha gran maioría de familias profesionais cunha tendencia en alza, o que implica que o número de contratados no ano 2006 é superior á media de contratados nos catro anos anteriores.

Neste senso, das 50 familias profesionais consideradas, na comarca de A Coruña, 31 teñen un indicador de tendencia a alza, das que 9 están clasificadas como de crecemento sostido, é dicir, con crecemento nos catro períodos interanuais anteriores ao ano de referencia. Na comarca de Bergantiños o número de familias profesionais con indicador de tendencia a alza é de 26, das que 3 teñen crecemento sostido. Nas comarcas de Betanzos, Fisterra e Terra de Soneira, as familias profesionais con indicador de tendencia ascendente, dentro das 50 consideradas dentro de cada comarca, é respectivamente de 38, 39 e 41 das que están consideradas como de crecemento sostido 4, 2 e 5 respectivamente.

Para rematar a análise das ocupacións máis contratadas dentro da área funcional, estudaremos o chamado indicador de ocupabilidade, este indicador calcúlase en base ao anterior indicador de tendencia e un saldo neto de contratados menos demandas preferentes para cada familia profesional nun período de cinco anos. En base a este indicador, para cada familia profesional en función da súa clasificación de tendencia e do saldo neto anteriormente citado, obtense un indicador de ocupabilidade moi baixa, baixa, media, alta e moi alta.

Tomando en consideración este indicador, dun xeito xeral, podemos sinalar que nas cinco comarcas que compoñen a área funcional, aproximadamente o 30% das familias profesionais consideradas teñen un crecemento sostido ou relevante e un e o saldo neto entre contratados menos demandas preferentes é positivo, e, polo tanto, teñen un indicador de ocupabilidade moi alto; pola contra só existe unha familia profesional na comarca de Terra de Soneira cun índice de ocupabilidade moi baixo, “Taquígrafos e mecanógrafos”, o que indica un decrecemento relevante ou sostido e un saldo neto entre contratados e demandas preferentes negativo ou igual a cero.

*Contratos na área funcional de A Coruña 2003-2007: distribución por sexo*

| | Nº Contratos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2007/2006 (%) |
| **A Coruña** | 155.633 | 159.856 | 154.007 | 164.819 | 168.671 | 2,34 |
| Muller | 78.201 | 79.418 | 74.400 | 80.001 | 82.477 | 3,09 |
| Home | 77.432 | 80.438 | 79.607 | 84.818 | 86.194 | 1,62 |
| **Bergantiños** | 11.857 | 12.062 | 13.120 | 13.617 | 12.381 | -9,08 |
| Muller | 6.732 | 6.625 | 7.177 | 7.244 | 6.287 | -13,21 |
| Home | 5.125 | 5.437 | 5.943 | 6.373 | 6.094 | -4,38 |
| **Betanzos** | 4.416 | 4.493 | 4.530 | 5.149 | 5.363 | 4,16 |
| Muller | 1.570 | 1.546 | 1.650 | 1.911 | 2.175 | 13,81 |
| Home | 2.846 | 2.947 | 2.880 | 3.238 | 3.188 | -1,54 |
| **Fisterra** | 3.588 | 4.047 | 3.826 | 4.144 | 4.111 | -0,80 |
| Muller | 1.706 | 2.021 | 2.027 | 2.153 | 2.327 | 8,08 |
| Home | 1.882 | 2.026 | 1.799 | 1.991 | 1.784 | -10,40 |
| **Terra de Soneira** | 2.660 | 2.690 | 2.974 | 3.434 | 3.103 | -9,64 |
| Muller | 1.238 | 1.239 | 1.317 | 1.567 | 1.333 | -14,93 |
| Home | 1.422 | 1.451 | 1.657 | 1.867 | 1.770 | -5,20 |
| **Total Área funcional** | **178.154** | **183.148** | **178.457** | **191.163** | **193.629** | **1,29** |
| Muller | 89.447 | 90.849 | 86.571 | 92.876 | 94.599 | 1,86 |
| Home | 88.707 | 92.299 | 91.886 | 98.287 | 99.030 | 0,76 |

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

**Cadro 3.13.**

• Contratos

Os datos sobre contratos levados a cabo nas cinco comarcas da área funcional de A Coruña ao longo do ano 2007 son os proporcionados polo Instituto Galego de Cualificacións, que elabora a información a partir da base de datos de contratos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Tal como se sinala no **cadro 3.13.** ao longo do ano 2007 na área funcional de A Coruña, firmáronse un total de 193.629 contratos, o 51,8% do total de contratos firmados nese período na provincia e o 22,4% dos firmados no conxunto de Galicia. O volume de contratos en relación ao ano anterior incrementouse nun 1,3% (1,9% de incremento nos contratos a mulleres e 0,8% de incremento nos contratos a homes). Destaca, así mesmo, que o 87,1% dos contratos totais firmados na área funcional no citado ano 2007, están localizados na comarca de A Coruña, pola contra, comarcas como Terra de Soneira ou Fisterra só absorben o 1,6% e o 2,1% do total de contratos da área funcional.

No período 2002-2007 o volume de contratacións só se incrementou en dúas das cinco comarcas, destacando o incremento de 3.852 contratos, en valores absolutos, da comarca de A Coruña, seguida da comarca de Betanzos cun incremento no período de 214 contratos.

En relación ao volume de contratación a nivel sectorial, **cadro 3.14.**, o 76,8% dos máis de 193 mil contratos firmados no conxunto da área funcional ao longo do ano 2007, pertencen ao sector servizos, porcentaxe similar á existente a nivel provincial e galego; na comarca de A Coruña a porcentaxe de contratos no sector servizos sobre o total ascende ao 80%, destacando así mesmo que na citada comarca localízanse o 91% do total de contratos do sector servizos da área funcional de A Coruña.

O segundo sector en importancia na área funcional en canto ao seu volume de contratación no ano 2007 é o sector da construción seguido do sector industrial con 24.292 e 17.284 contratos respectivamente, o que supón o 51,5% e o 50,5% do volume total de contratación provincial en cada un dos sectores sinalados.

No que respecta á tipoloxía da contratación da área funcional no ano 2007, o **cadro 3.15.** mostra

***Contratos nos sete grandes subsectores de actividades económicas na área funcional de A Coruña 2007***

| | SECTOR PRIMARIO | SECTOR SECUNDARIO | | SECTOR CONSTRUCIÓN | SECTOR SERVIZOS | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Industria | Electricidade | | Comercio e hostalería | Transporte e comunicacións | Outros Servizos | |
| **A Coruña** | 2.208 | 12.172 | 101 | 18.705 | 33.793 | 11.549 | 90.143 | 168.671 |
| **Bergantiños** | 358 | 3.791 | 60 | 3.148 | 2.071 | 464 | 2.489 | 12.381 |
| **Betanzos** | 84 | 438 | 8 | 969 | 1.338 | 289 | 2.237 | 5.363 |
| **Fisterra** | 183 | 406 | xx | 592 | 880 | 111 | 1.937 | 4.109 |
| **Terra de Soneira** | 280 | 477 | xx | 878 | 669 | 88 | 709 | 3.101 |
| **Total Área funcional** | **3.113** | **17.284** | **169** | **24.292** | **38.751** | **12.501** | **97.515** | **193.625** |
| **Total provincia** | 6.839 | 34.195 | 304 | 47.153 | 71.931 | 23.883 | 189.133 | 373.438 |
| **Total Galicia** | 21.312 | 91.595 | 652 | 101.679 | 178.588 | 72.151 | 398.655 | 864.632 |

Fonte*: Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

**Cadro 3.14.**

***Contratos segundo tipoloxía e sexo na área funcional de A Coruña 2007***

| | Indefinido | Indefinido tempo parcial | Temporal | Temporal tempo parcial | Prácticas/Formación | Outros | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 16.812 | 3.465 | 98.245 | 45.324 | 3.404 | 1.421 | 168.671 |
| Mulleres | 6.403 | 2.408 | 43.555 | 28.214 | 1.579 | 318 | 82.477 |
| Homes | 10.409 | 1.057 | 54.690 | 17.110 | 1.825 | 1.103 | 86.194 |
| **Bergantiños** | 1.484 | 238 | 7.785 | 1.769 | 732 | 373 | 12.381 |
| Mulleres | 571 | 189 | 3.746 | 1.443 | 299 | 39 | 6.287 |
| Homes | 913 | 49 | 4.039 | 326 | 433 | 334 | 6.094 |
| **Betanzos** | 628 | 126 | 2.940 | 1.271 | 175 | 223 | 5.363 |
| Mulleres | 228 | 93 | 966 | 791 | 71 | 26 | 2.175 |
| Homes | 400 | 33 | 1.974 | 480 | 104 | 197 | 3.188 |
| **Fisterra** | 378 | 86 | 2.683 | 665 | 183 | 116 | 4.111 |
| Mulleres | 151 | 71 | 1.500 | 501 | 82 | 22 | 2.327 |
| Homes | 227 | 15 | 1.183 | 164 | 101 | 94 | 1.784 |
| **Terra de Soneira** | 317 | 38 | 1.961 | 430 | 217 | 140 | 3.103 |
| Mulleres | 96 | 28 | 751 | 342 | 99 | 17 | 1.333 |
| Homes | 221 | 10 | 1.210 | 88 | 118 | 123 | 1.770 |
| **Total Área funcional** | **19.619** | **3.953** | **113.614** | **49.459** | **4.711** | **2.273** | **193.629** |
| Mulleres | 7.449 | 2.789 | 50.518 | 31.291 | 2.130 | 422 | 94.599 |
| Homes | 12.170 | 1.164 | 63.096 | 18.168 | 2.581 | 1.851 | 99.030 |
| **Total Provincial** | **33.962** | **7.247** | **229.822** | **86.879** | **8.593** | **6.935** | **373.438** |
| Mulleres | 13.115 | 5.229 | 101.792 | 54.460 | 3.790 | 1.745 | 180.131 |
| Homes | 20.847 | 2.018 | 128.030 | 32.419 | 4.803 | 5.190 | 193.307 |
| **Total Galicia** | **81.291** | **17.417** | **541.849** | **183.953** | **19.927** | **20.195** | **864.632** |
| Mulleres | 30.159 | 12.421 | 232.800 | 118.844 | 8.489 | 5.677 | 408.390 |
| Homes | 51.132 | 4.996 | 309.049 | 65.109 | 11.438 | 14.518 | 456.242 |

Fonte*: Instituto Galego das Cualificacións, Indicadores do mercado laboral*

**Cadro 3.15.**

como a temporalidade é a característica básica da contratación na área funcional, de xeito que o 84,2% da contratación no ano 2007 é temporal (tempo completo e tempo parcial) ascendendo a 163.073 os contratos temporais fronte aos 19.619 contratos indefinidos.

En resumo, o perfil da contratación nas cinco comarcas da área funcional de A Coruña no ano 2007 é o seguinte:

– A Coruña: Home de 25 a 29 anos, contrato temporal para o sector servizos (en concreto actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresariais).

*Nº de afiliados por réxime de afiliación na área funcional de A Coruña a 31/12/2007*

| | Xeral | Autónomo | Fogar | Agrario | Mar | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | **164.015** | **27.509** | **4.195** | **982** | **1.390** | **198.091** |
| Abegondo | 664 | 393 | 37 | 224 | - | 1.318 |
| Arteixo | 14.238 | 1.996 | 117 | 163 | 38 | 16.552 |
| Bergondo | 5.666 | 486 | 100 | 77 | 3 | 6.332 |
| Cambre | 5.396 | 1.766 | 147 | 99 | 8 | 7.416 |
| Carral | 1.444 | 445 | 38 | 143 | 4 | 2.074 |
| A Coruña | 120.146 | 17.027 | 2.878 | 96 | 1.084 | 141.231 |
| Culleredo | 7.429 | 1.828 | 213 | 79 | 17 | 9.566 |
| Oleiros | 5.924 | 2.477 | 544 | 52 | 120 | 9.117 |
| Sada | 3.108 | 1.091 | 121 | 49 | 116 | 4.485 |
| **Betanzos** | **8.649** | **2.707** | **219** | **1.561** | **116** | **13.252** |
| Aranga | 288 | 129 | 5 | 248 | 81 | 751 |
| Betanzos | 5.006 | 1.064 | 111 | 77 | 5 | 6.263 |
| Cesuras | 84 | 121 | 11 | 189 | - | 405 |
| Coirós | 652 | 101 | 10 | 58 | - | 821 |
| Curtis | 1.120 | 330 | 28 | 281 | - | 1.759 |
| Irixoa | 99 | 83 | - | 143 | - | 325 |
| Miño | 508 | 357 | 27 | 90 | 12 | 994 |
| Oza dos Ríos | 398 | 212 | 14 | 127 | - | 751 |
| Paderne | 233 | 165 | 8 | 139 | 18 | 563 |
| Vilarmaior | 71 | 61 | 2 | 68 | - | 202 |
| Vilasantar | 190 | 84 | 3 | 141 | - | 418 |
| **Fisterra** | **3.188** | **1.590** | **42** | **661** | **581** | **6.062** |
| Cee | 2.079 | 596 | 21 | 102 | 48 | 2.846 |
| Corcubión | 139 | 123 | 7 | 5 | 31 | 305 |
| Dumbría | 360 | 234 | 2 | 204 | 2 | 802 |
| Fisterra | 318 | 272 | 1 | 53 | 304 | 948 |
| Muxía | 292 | 365 | 11 | 297 | 196 | 1.161 |
| **Terra de Soneira** | **2.798** | **1.741** | **28** | **817** | **421** | **5.805** |
| Camariñas | 545 | 469 | 5 | 42 | 419 | 1.480 |
| Vimianzo | 1.389 | 775 | 11 | 367 | 2 | 2.544 |
| Zas | 864 | 497 | 12 | 408 | - | 1.781 |
| **Bergantiños** | **11.486** | **6.146** | **236** | **1.875** | **738** | **20.481** |
| Cabana de Bergantiños | 627 | 421 | 6 | 208 | 36 | 1.298 |
| Carballo | 6.689 | 2.986 | 139 | 512 | 79 | 10.405 |
| Coristanco | 852 | 538 | 17 | 327 | 4 | 1.738 |
| A Laracha | 1.571 | 918 | 45 | 316 | 21 | 2.871 |
| Laxe | 317 | 254 | 7 | 66 | 132 | 776 |
| Malpica de Bergantiños | 689 | 533 | 12 | 182 | 301 | 1.717 |
| Ponteceso | 741 | 496 | 10 | 264 | 165 | 1.676 |
| **Área funcional A Coruña** | **190.136** | **39.693** | **4.720** | **5.896** | **3.246** | **243.691** |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social.*

**Cadro 3.16.**

– Bergantiños: Muller de 25 a 29 anos, contrato temporal para o sector industrial (industria manufactureira)

– Betanzos: Home de 25 a 29 anos, contrato temporal para o sector da servizos (en concreto, actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresariais).

– Fisterra: Muller de 25 a 29 anos, contrato temporal para o sector servizos (en concreto actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais)

– Terra de Soneira: Home de 25 a 29 anos, contrato temporal para o sector da construción.

Finalmente, a 31 de decembro de 2007, na área funcional de A Coruña existía un total de 243.691 traballadores afiliados á Seguridade Social, dos que o 78% pertencen ao Réxime xeral, seguido do réxime de autónomos con 39.693 afiliados (16,3% do total de afiliados na área funcional).

A nivel comarcal, por número de afiliados nos distintos réximes, destaca a comarca de A Coruña, agás no réxime agrario, onde salienta a comarca de Bergantiños, con 1.875 afiliados. ■